

ANEXO II

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

[] , alcalde/sa presidente/a do concello de [] , solicitante da axuda da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a contratación temporal de auxiliares de policía local na tempada de verán; e en relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes,

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Axudas concedidas:

- Non se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
- Si, concedéuseme axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda	Data de resolución
[]	[]
[]	[]
[]	[]

Axudas solicitadas:

- Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
- Si, solicitei axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda	Data de resolución
[]	[]
[]	[]
[]	[]

Lugar e data:

[] , []

Sinatura e selo

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 20 de decembro de 2007 pola que se modifican a do 6 de xullo de 2007, pola que se aproban os concertos educativos para as ensinanzas de educación infantil cos centros docentes privados e a do 8 de agosto de 2007, pola que se modifican os concertos educativos cos centros docentes privados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, programas de garantía social, ciclos formativos de grao medio e ciclos formativos de grao superior.

Por Orde do 6 de xullo de 2007 (DOG do 23 de xullo) apróbanse os concertos educativos para as ensinanzas de educación infantil cos centros docentes privados.

Por Orde do 8 de agosto de 2007 (DOG do 29 de agosto) publícase a relación de todos os centros docentes privados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, programas de garantía social, ciclos formativos de grao medio e ciclos formativos de grao superior, acollidos ao réxime de concertos educativos.

Vistos a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; o Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos; a Orde do 10 de xaneiro de 2005, pola que se ditan normas para a aplicación do réxime de concertos educativos a partir do curso académico 2005-2006, e a Orde do 12 de xaneiro de 2007 (DOG do 17 de xaneiro) que regula o réxime de concertos educativos para as ensinanzas de educación infantil

en centros docentes privados a partir do curso académico 2007-2008.

Tendo en conta que o artigo 46 do antedito Real decreto 2377/1985 establece as causas que darán lugar á modificación do concerto educativo.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Modificar os concertos educativos referidos aos centros docentes privados que se relacionan no anexo desta orde.

Segundo.-A addenda ao documento administrativo de formalización de concerto educativo será asinado pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e polo titular do centro privado ou persoa con representación debidamente acreditada.

Se o titular do centro privado non subscribíse a addenda ao documento de formalización na data que se lle notifique, entenderase decaído no seu dereito.

Contra esta disposición, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Nivel educativo: educación infantil
Provincia: A Coruña

Concello: A Coruña.
Localidade: A Coruña.
Centro: Cid.
Código do centro: 15004046.
Diminúese unha unidade de educación infantil de 3 anos, con efectos económico-administrativos do 10 de outubro de 2007.
Composición resultante do concerto educativo:
Nivel: educación infantil.
1 unidade de catro (4) anos.
1 unidade de cinco (5) anos.
Duración (anos): dous.

Provincia: Lugo

Concello: Monforte de Lemos.
Localidade: Monforte de Lemos.
Centro: Divina Pastora.
Código do centro: 27007211.
Diminúese unha unidade de educación infantil de 3 anos, con efectos económico-administrativos do 18 de setembro de 2007.
Composición resultante do concerto educativo:
Nivel: educación infantil.
1 unidade de catro (4) anos.
1 unidade de cinco (5) anos.
Duración (anos): dous.

Provincia: Ourense

Concello: Maceda.
Localidade: Maceda.
Centro: Virgen Milagrosa.
Código do centro: 32006531.
Diminúese unha unidade de educación infantil de 3 anos, con efectos económico-administrativos do 24 de outubro de 2007.
Composición resultante do concerto educativo:
Nivel: educación infantil.
1 unidade mixta.
Duración (anos): dous.

Nivel educativo: educación primaria
Provincia: A Coruña

Concello: As Pontes de García Rodríguez.
Localidade: As Pontes de García Rodríguez.
Centro: Nebrija-Pardo Bazán.
Código do centro: 15013621.
Diminúese unha unidade de educación primaria, con efectos económico-administrativos do 24 de outubro de 2007.
Composición resultante do concerto educativo:
Nivel: educación primaria.
2 unidades.
Duración (anos): dous.

Provincia: Ourense

Concello: Barbadás.
Localidade: Sobrado do Bispo.
Centro: Madre de Dios.
Código do centro: 32006531.
Diminúese unha unidade de educación primaria, con efectos económico-administrativos do 24 de outubro de 2007.
Composición resultante do concerto educativo:
Nivel: educación primaria.
5 unidades.
Duración (anos): dous.

Provincia: Pontevedra

Concello: Vigo.
Localidade: Matamá.
Centro: Santa Vedruna.
Código do centro: 36010447.

Diminúense dúas unidades de educación primaria, con efectos económico-administrativos do 18 de setembro de 2007.

Composición resultante do concerto educativo:

Nivel: educación primaria.

1 unidade.

Duración (anos): dous.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Resolución do 21 de novembro de 2007, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se determinan os factores de conversión de metros cúbicos a quilogramos nas facturas de contadores de gas propano canalizado na Comunidade Autónoma de Galicia.

A normativa vixente que establece o prezo do gas propano canalizado fíxao en euros/quilogramo (€/kg).

Non obstante, a medición do gas consumido realízase por contador en metros cúbicos (m³), polo que se fai necesaria a utilización dun factor de conversión de m³ a kg, sendo esta en función da densidade do gas, das presións atmosférica e relativa do gas e da temperatura.

Para o cálculo dos factores de conversión considérase a presión atmosférica como factor suficientemente relevante, establecendo para iso tres rangos de altitude sobre o nivel do mar, en metros.

En base ao anteriormente sinalado e de acordo coas competencias atribuídas no Decreto 231/2006, do 23 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Aprobar os factores de conversión de metros cúbicos a quilogramos nas lecturas de contadores de consumo doméstico de gas propano canalizado para a presión de 150 gramos/centímetro cadrado (g/cm²) que quedan establecidos nas seguintes contías:

Altitude	Factor conversión m ³ a kg presión, gas= 150 g/cm ²
0 a 200 m	2,28
201 a 500 m	2,22
501 a 1.000 m	2,14

Segundo.-Publicar esta resolución para xeral coñecemento no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2007.

Anxo Ramón Calvo Silvosa
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2008 ao abeiro do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o programa de vivenda en aluguer.

O Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en aluguer, constitúe o marco normativo polo que se regulan as subvencións para o arrendamento e rehabilitación de vivendas desocupadas na nosa comunidade autónoma.

O seu artigo 3.2º dispón que estas subvencións se atenderán a través de convocatorias anuais polas que se cuantificarán as dispoñibilidades orzamentarias que se poidan consignar para cada exercicio.

Tanto o procedemento de concesión das subvencións que se outorgarán ao abeiro desta convocatoria como a normativa que o regula se suxeitan ao establecido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A súa disposición derradeira primeira faculta a conselleira de Vivenda e Solo para ditar, no marco das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do referido decreto.

En uso da referida autorización,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Dispoñibilidade económica.*

Para os efectos do disposto no artigo 3.2º do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, determínase:

1. A aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 e 2009 onde figuran os créditos con cargo aos cales serán atendidas as subvencións ao arrendamento do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, é a 17.01.451B.480.1.

2. A aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 onde figuran os créditos con cargo aos cales serán atendidas as subvencións para a rehabilitación de vivendas e posterior arrendamento dentro do programa de vivenda en aluguer do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, é a 17.01.451A.780.1

3. O importe máximo das subvencións ao arrendamento que se poderán outorgar dentro do exercicio orzamentario de 2008 será de 4.504.772,38 € e, dentro do exercicio orzamentario de 2009 será de 3.906.968,46 €.